*Asunto*
Orden del Día Propuesto de la sesión AYT/XGL/57/2019

15078DCMG13I1KCA
²15078DCMG13I1KCA0»
²15078DCMG13I1KCA0»

Sres./as Concelleiros/as da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela:

Dona Mercedes Rosón Ferreiro
Don Gumersindo Guinarte Cabada
Dona María Milagros Castro Sánchez
Don Gonzalo Muíños Sánchez
Dona Marta Abal Rodríguez
Don José Manuel Pichel Patiño
Dona Noa Susana Díaz Varela
Don José Javier Fernández Martínez

Ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento de Organización Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, convoco aos/ás Sres./as Concelleiros/as arriba relacionados/as para a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela que terá lugar o día **23 de setembro de 2019**, ás **10:00 horas**, e de non poder celebrarse, farase en segunda convocatoria o mesmo día unha hora máis tarde.

**ORDE DO DÍA**

1.- Aprobación de Actas de sesións anteriores.

2.- Proposta de concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para o proxecto básico de construcción dun edificio para 57 vivendas, prazas de garaxe e trasteiros na rúa Manuel Beiras, 5 Parcelas 7 do Plan Parcial de Cornes. LIC/139/2019.

3.- Proposta de concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza de obras para a execucion dunha vivenda unifamiliar illada no LG Portela de Villestro, 39B. LIC/160/2019.

4.- Proposta de concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á solicitude de licenza de obras para a reforma de oficinas para catro apartamentos na Praza de Vigo, 2. LIC/752/2019.

5.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo, Vivenda e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva do Proxecto de Compensación do Polígono 39. Casas do Rego. Expediente: XPL/6/2016.

6.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa á solicitude á Consellería de Política Social dunha subvención para programas de emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión social para os anos 2019 a 2021.

7.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa á aprobación da resolución definitiva da convocatoria para a concesión de axudas individuais para o uso do servizo de taxi como medio alternativo para as persoas con dificultades de Mobilidade ou que presentan limitacións para o uso do transporte colectivo do Concello de Santiago de Compostela. Ano 2019.

8.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa á resolución da convocatoria de subvención para o fomento de programas e actividades en prol da igualdade efectiva entre mulleres e homes e das persoas do colectivo lésbico, gay, transexual, bisexual, queer e intersexual (LGTBQI) e de prevención e loita contra as violencias machistas para o ano 2019.

9.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais e Saúde relativa á designación de representantes no Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade.

10.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade relativa á transmisión da licenza de taxi número 84 a favor de don MIGUEL ANGEL MERA PINTOR, por falecemento do seu pai, don ANDRÉS MERA PINTOR, titular legal da mesma.

11.- Proposta do concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade Cidadán relativa á modificación da mellora da oferta do contrato de Xestión dos Expedientes Sancionadores por Infraccións á Normativa de Tráfico Vial Urbano e Calesquera Outras Infracións nos ámbitos de Seguridade, Mobilidade, Medio Ambiente e Servizos Comunitarios do

Concello de Santiago, para substituír o equipo ofertado no contrato o Veloaser, radar portátil.

12.- Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do texto do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago e o CLUB TRIATLÓN SANTIAGO

13.- Proposta da concelleira delegada de Educación e Mocidade relativa á aprobación da liquidación do programa municipal de conciliación de Semana Santa 2019.

14.- Recoñecementos extraxudiciais de créditos.

15.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento de director/a da Asesoría Xurídica do Concello de Santiago de Compostela.

16.- Dar conta da sinatura do convenio de colaboración entre o Concello de Santiago de Compostela e a Axencia Galega de Innovación para o proxecto SMARTIAGO.

17.- Dar conta das Resolucións das Concellerías Delegadas.

18.- Rogos e Preguntas.

Santiago de Compostela, 20 de setembro de 2019

**O Alcalde**

**Asdo:Xosé A. Sánchez Bugallo**